

Edición xeral

Impacto na ría

Ence di que non contamina, á APDR dálle a risa

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra contéstalle ao director da celulosa, recordando as condenas e incumprimentos en materia ambiental.

Redacción - 11:45 24/07/2009

Tags: [APDR](#) [Ence](#)

As denuncias polo grave impacto ambiental do complexo industrial de Lourizán teñen sido reiteradas durante anos e a Asociación pola Defensa da Ría (APDR) acumula unha longa traxectoria de loita fronte a esta situación.

Ao fio das recentes declaracións do representante máximo da empresa na cidade do Lérez, nas que este aseguraba que "non existe ningunha razón, nin técnica nin ambiental" para o traslado da factoría, a APDR lémbrale algún dos principais "incumprimentos claros" da normativa ambiental. De xeito concreto, sinala o colectivo que as emisións da factoría triplican os límites permitidos legalmente nunha zona sensíbel como é a ría pontevedresa.



Antón Masa, voceiro da plataforma cidadá, explica para Vieiros que cos datos ofrecidos pola propia Xunta, e vendo as medicións de sólidos en suspensión e fósforo por exemplo, os incumprimentos son innegábeis. Láíase Masa do pouco estrito marco legal que lle permitiría á empresa esquivar os requirimentos no ámbito das emisións á atmosfera. E critica tamén a falta de transparencia en xeral en todo o relativo á actividade do complexo e a dificultade para acceder a datos concretos.

Mercurio en punta Placeres

Unha das denuncias máis recentes chegaba ao fio dun informe da asociación ecoloxista Greenpeace, onde se evidenciaba a presenza de mercurio na zona de Praceres. As análises realizadas polos ambientalistas atoparon concentracións deste metal pesado moi por riba dos límites legalmente establecidos. As augas residuais da planta de cloro de Lourizán chimpaban directamente a esa área durante anos, malia que desde hai pouco

